

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,  
O 1 DE AGOSTO DE 2012,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Decreto polo que se regula a comisión de coordinación de sistemas de información xeográfica e cartográfica.
- Decreto polo que se aproba o Catálogo da Paisaxe da Comarca paisaxística do Deza.

**CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Decreto polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2013.

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Acordo polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2013 e se dá traslado deste ao Parlamento de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a adquisición de participacións do fondo de capital risco "Fondo Tecnolóxico I2C, F.C.R. de réximen simplificado" por importe de catro millóns cento cincuenta mil euros (4.150.000 euros).

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Palas de Rei para o financiamento e execución da mellora do acceso ao cemiterio e rúa Antas de Ulla por importe de cento sesenta e catro mil cincuenta e catro euros e sesenta e seis céntimos (164.054,66 euros).

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co concello de Tui para a execución da obra: "Conexións a redes xerais e secundarias no concello de Tui. Tui (Pontevedra)", clave OH.336.989, por importe de seiscentos trinta e un mil novecentos dezasete euros con dous céntimos (631.917,02 euros)
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co concello de Carballeda de Valdeorras para a execución da obra: "Mellora do abastecemento de auga no concello de Carballeda de Valdeorras. Carballeda de Valdeorras (Ourense)", clave OH.232.774, por importe de cincocentos setenta e nove mil trece euros con tres céntimos (579.013,03 euros)
- Acordo polo que se autoriza o gasto para a execución do modificado nº2 do contrato de xestión de servizo público en réxime xurídico concesional de explotación da estación depuradora de augas residuais de Arcade. Soutomaior (Pontevedra), clave: OH.336.598-XSP/M2., por un importe de un millón catrocentos sete mil setecentos sesenta e oito euros con tres céntimos (1.407.768,03 euros).
- Acordo polo que se autoriza a cesión gratuíta ao Concello de Vila de Cruces de edificacións complementarias e de equipamento do poboado mineiro de Fontao así como do seu mobiliario e equipamentos. EXPEDIENTE: PO-2008/NR 03.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Ferrol para o acceso ao polígono de Bertón por un importe total de un millón douscentos setenta e cinco mil euros (1.275.000,00 euros).

## **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto do parque eólico Muxía I, 1ª e 2ª fase, (Concello de Muxía, A Coruña), como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal de acordo co previsto na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

## **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade da Coruña para complementar a axudas ao líder do programa *Starting Grants*, por un importe total de cento cincuenta mil euros (150.000 euros)

## **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza o gasto de investimento e a contratación dos servizos de redacción de proxectos, dirección facultativa de obras e coordinación de seguridade e saúde, mantemento e conservación de edificios e instalacións e subministración enerxética prestacional de centros sanitarios (cofinanciado pola Unión Europea, a través do programa operativo FEDER Galicia 2007-2013), por un valor estimado de nove millóns cento tres mil novecentos setenta e cinco euros con vinte e catro céntimos (9.103.975,24 euros, sen IVE).

## **CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de cooperación entre a Consellería de Traballo e Benestar e o Concello de Guntín para a creación dun punto de atención á infancia municipal, coa posibilidade de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa Operativo Feder-Galicia 2007-2013. Importe total: douscentos mil euros (200.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de cooperación entre a Consellería de Traballo e Benestar e o Concello de Meira para a creación dunha escola infantil 0-3 municipal, coa posibilidade de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder-Galicia 2007-2013. Importe total: catrocentos sesenta e oito mil catrocentos noventa euros con vinte e nove céntimos (468.490,29 euros).

## **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura de convenios de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e as Confrarías de Pescadores de Galicia para conservación, protección e sustentabilidade da explotación (control do acceso ás zonas de pesca), por importe máximo global de dous millóns douscentos corenta e seis mil trescentos nove euros con trinta e oito céntimos (2.246.309,38 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura de convenios de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar da Xunta de Galicia e as Confrarías de Pescadores de Galicia para a xestión de zonas de produción, por importe máximo global dun millón cento dous mil trescentos oitenta euros (1.102.380,00 euros).

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da sinatura do convenio de colaboración entre o Consello Xeral do Poder Xudicial, a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o Ministerio Fiscal e a Universidade de Vigo para a implantación experimental dun programa de mediación familiar intraxudicial para o ano 2012.

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre o procedemento do acordo entre o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e a Comunidade Autónoma de Galicia para fixar as condicións da adquisición de vacinas do calendario e outras.

## **A XUNTA COORDINARÁ A TRAVÉS DUN ÚNICO DEPARTAMENTO A PRODUCCIÓN, USO E DIFUSIÓN DA INFORMACIÓN CARTOGRÁFICA E XEOGRÁFICA NECESARIA PARA XESTIONAR O TERRITORIO**

- ***O consello da Xunta aproba o decreto polo que se regula a Comisión de Coordinación de Sistemas de Información Xeográfica e Cartografía***
- ***A posta en marcha da comisión permitirá avanzar no Plan Cartográfico de Galicia, e no establecemento e actualización da Infraestrutura de Datos Espaciais de Galicia (IDEG)***
- ***Unha das funcións principais será coordinar as actividades cartográficas da Xunta de Galicia, a súa incorporación aos procesos e procedementos administrativos, así como organizar as peticións e solicitudes en materia cartográfica das distintas consellerías respecto a outras administracións***
- ***Esta comisión terá un papel imprescindible, como instrumento para planificar dun xeito coordinado a produción, uso e difusión da información xeográfica necesaria para a xestión do territorio galego, coa finalidade de garantir a coherencia e interoperabilidade dos datos espaciais***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou na súa reunión desta mañá o decreto polo que se regula a Comisión de Coordinación de Sistemas de Información Xeográfica e Cartografía que se responsabilizará da coordinación técnica dos departamentos, organismos e entes da Administración pública de Galicia nas súas actuacións en materia de sistema de información xeográfica, cartográfica e xeomática.

A Comisión de coordinación dos Sistemas de Información Xeográfica e Cartografía permitirá avanzar no Plan cartográfico de Galicia como instrumento para planificar dun xeito coordinado a produción, uso e difusión da información xeográfica necesaria para a xestión do territorio galego. A finalidade é garantir a coherencia e interoperabilidade dos datos espaciais, así como o establecemento e actualización da Infraestrutura de Datos Espaciais de Galicia (IDEG) que garanta o almacenamento, a dispoñibilidade e o mantemento dos datos espaciais.

Coa posta en marcha e funcionamento da comisión procúrase a incorporación da información xeográfica aos procesos e procedementos administrativos, de tal xeito que permita a actualización da información e dispor dela para a toma de decisións.

Cómpre sinalar que a constitución desta comisión é acorde coa política de austeridade da Xunta de Galicia, xa que os membros dela non recibirán remuneración económica, co criterio de xestionar e coordinar os recursos co menor custo posible para os cidadáns.

## **Novidades**

Entre as novidades que recolle este decreto respecto ao decreto anterior destacan:

- Recolle expresamente a adscrición da comisión ao Instituto de Estudos do Territorio
- Modifica a composición da comisión para dotala dunha maior operatividade
- Introduce a perspectiva de xénero na composición da comisión
- Adapta as funcións da comisión ás efectivamente realizadas
- Adapta as funcións do presidente, vicepresidente e secretario, e o réxime de funcionamento da comisión ao previsto na Lei de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA) para os órganos colexiados
- Recolle a desaparición das antigas comisións de traballo, que resultaron inoperativas e substitución das mesmas por grupos de traballo

## **Organigrama**

A Comisión estará integrada por un presidente, que será a persoa titular da consellería competente en materia de ordenación do territorio; un vicepresidente, cuxo cargo recae no director do Instituto de Estudos do Territorio, un secretario, que será designado polo IET, e os seguintes vogais:

- a) Un representante por consellería designado polo conselleiro correspondente.
- b) Un representante do órgano central de estatística da Comunidade Autónoma.
- c) Un representante da consellería competente en materia de toponimia.
- d) Un representante de cada unha das catro deputacións provinciais.
- e) Un representante da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp).
- f) Un representante da entidade pública competente en materia de modernización e innovación tecnolóxica.
- g) Un representante do Fondo Galego de Garantía Agraria.

Coa súa creación, ademais de desenvolverse as determinacións 10.1.20 y 10.1.21 das directrices de ordenación do territorio, permitirá avanzar e acadar o Plan cartográfico de Galicia, así como o establecemento e actualización da Infraestrutura de Datos Espaciais de Galicia (IDEG)

## **Funcións e responsabilidades**

En virtude deste decreto serán funcións propias da Comisión de Coordinación de Sistemas de Información Xeográfica e Cartografía as seguintes:

- Formulación e execución do Plan cartográfico de Galicia.
- Coordinación das actividades cartográficas da Xunta de Galicia, así como das peticións e solicitudes en materia cartográfica das distintas consellerías respecto a outras administracións.

- Impulso e seguimento da Infraestrutura de Datos Espaciais de Galicia (IDEG)
- Execución dos obxectivos e liñas de traballo que lles sexan asignadas no Plan galego de cartografía e información xeográfica.
- Dar soporte técnico á Comisión de Delimitación de Termos Municipais e á Comisión de Toponimia.
- Análise das necesidades e da evolución da demanda de cartografía e información xeográfica de Galicia.
- Outras funcións que puidesen ter relación ca natureza da Comisión de Coordinación de Sistemas de Información Xeográfica e Cartográfica.

## A COMARCA DO DEZA DISPÓN DESDE HOXE DUN CATÁLOGO PARA XESTIONAR E PROTEXER A SÚA PAISAXE, COA APROBACIÓN DO DOCUMENTO POLO CONSELLO DA XUNTA

- ***É o primeiro catálogo paisaxístico que se aproba en Galicia no marco da Estratexia da Paisaxe Galega***
- ***Contén un estudo sobre os valores paisaxísticos existentes no seu ámbito territorial e os elementos ou áreas de especial interese***
- ***Agora abrírase o proceso de elaboración das Directrices da Paisaxe da Comarca do Deza, no cal terá un especial protagonismo a participación da cidadanía***
- ***A Estratexia da Paisaxe desenvolverase a través de tres tipos de accións, que teñen como horizonte o 2016: os instrumentos de protección, ordenación e xestión das paisaxes, as estratexias de integración paisaxística e o traballo de sensibilización, formación e divulgación***
- ***Coa aprobación deste primeiro catálogo a Consellería de Medio Ambiente avanza un paso máis no desenvolvemento da Lei da paisaxe***

O Consello da Xunta deu o visto e praxe na súa reunión desta mañá ao primeiro catálogo da paisaxe que se aproba en Galicia, o da comarca do Deza. Trátase dunha ferramenta prevista na Lei 7/2008, da paisaxe de Galicia, e ten como obxectivo a protección, xestión e ordenación da paisaxe da devandita comarca pontevedresa.

A extensión total do territorio analizado na Comarca paisaxística de Deza é de 785 km<sup>2</sup>, abrangendo amplas extensións dos concellos de Dozón (80,6% da súa superficie municipal), Agolada (43,7%), Lalín (98,1%), Rodeiro (97,3%), Silleda (77,5%) e Vila de Cruces (27,2%), así coma espazos concretos de Antas de Ulla, San Cristovo de Cea, Forcarei, O Irixo e Piñor.

O tradicional carácter gandeiro de Deza foi un importante elemento configurador da paisaxe da comarca, acompañado tamén dunha distribución bastante homoxénea da poboación en todo o territorio. Non obstante, o crecemento nas últimas décadas doutros sectores económicos, coma os servizos e a industria, a creación de vías de comunicación de gran capacidade, sobre todo entre Ourense e Santiago de Compostela (N-525, A-53, AVE) e o abandono do rural derivaron nunha modificación en moitos casos da paisaxe tradicional, así coma nunha concentración da poboación nos núcleos urbanos e proximidades das vías de comunicación.

A comarca paisaxística de Deza presenta unha orografía, en xeral, bastante irregular, modelada no seu conxunto por superficies achairadas, de orixe tectónica, que en banzos van ascendendo de NO-SE, desde unha altitude de 100 metros, nos canóns do tramo baixo de Deza, ata superar os 1.100 metros nas cumes aplanadas da Serra do Faro.



A comarca paisaxística de Deza é unha das oito comarcas paisaxísticas que compoñen a grande área paisaxística de Galicia Central.

O Catálogo da Paisaxe contén un estudo sobre os valores paisaxísticos existentes no seu ámbito territorial e os elementos ou áreas de especial interese. Así mesmo, delimita as unidades de paisaxe, configuradas como ámbitos territoriais de características paisaxísticas homoxéneas en que serán de aplicación as directrices da paisaxe que se elaborarán para completar o proceso de planificación paisaxística.

Os catálogos da paisaxe son uns instrumentos novos con poucos precedentes de aplicación, e que servirán para delimitar e caracterizar unidades de paisaxe. Estes documentos irán máis alá dun esforzo recompilatorio de información sobre o territorio, xa que pretenden alcanzar os seguintes obxectivos específicos:

- Identificar e caracterizar os diferentes tipos de paisaxe existentes en cada área paisaxística.
- Constituír unha base sólida para a definición de estratexias específicas e políticas de paisaxe.
- Servir de referencia para a elaboración dos estudos de impacto e integración paisaxística.
- Servir de documento de partida para campañas de sensibilización da cidadanía sobre a nosa riqueza paisaxística e os seus valores ambientais e culturais.

Os catálogos precisarán, ademais, do desenvolvemento das súas respectivas Directrices da Paisaxe, nas que se definirán os obxectivos de calidade paisaxística xunto a unha serie de normas e recomendacións que terán carácter vinculante para os instrumentos de planificación sectorial e paisaxística. Estas directrices porán en marcha un proceso previo de participación pública do conxunto da cidadanía da comarca.

### **Estratexia Galega da Paisaxe**

A formulación e elaboración do Catálogo da Paisaxe da comarca paisaxística de Deza enmárcase na Estratexia da Paisaxe Galega, impulsada pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. A Estratexia da Paisaxe Galega prevé, no horizonte de 2016, a realización dos catálogos e directrices de paisaxe das comarcas paisaxísticas de Galicia, e incorpora, en relación co disposto no artigo 9.1 da Lei 7/2008, un mapa en que se delimitan 12 grandes áreas paisaxísticas de Galicia, así como a desagregación destas en 50 comarcas paisaxísticas.

A Xunta puxo en marcha unha serie de medidas integradas na Estratexia da Paisaxe de Galicia co fin de protexer e preservar os elementos máis significativos e característicos

das diferentes paisaxes da Comunidade Autónoma; ordenar a través de accións tendentes a mellorar, restaurar ou rexenerar as paisaxes; e xestionar desde unha perspectiva de uso sustentable do territorio mediante iniciativas que guíen as transformacións provocadas polos procesos sociais, económicos e ambientais.

Desde o Instituto de Estudos do Territorio estanse a avanzar nas distintas fases para a definición dunha política axeitada en materia da paisaxe, entendida como unha ferramenta eficaz para a planificación territorial. Un camiño xa longo e no que se acadaron fitos importantes como a aprobación do Plan de ordenación do litoral e das Directrices de Ordenación do Territorio.

A Estratexia da Paisaxe desenvolverase a través de tres tipos fundamentais de accións, que teñen como horizonte o ano 2016:

1. Os instrumentos de protección, ordenación e xestión das paisaxes
2. As estratexias de integración paisaxística
3. A sensibilización, formación e divulgación da paisaxe.

## **APROBADO O DECRETO QUE ESTABLECE O CALENDARIO LABORAL DE GALICIA PARA 2013, QUE INCLÚE UN TOTAL DE 14 FESTIVOS**

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se determinan as festas de Galicia do calendario laboral para o próximo ano, entre as que se fixan o Día das Letras Galegas e o de San Xoán***
- ***O Real decreto 2001/1983 que rexe o calendario laboral establece 14 festivos: dous elixidos por concellos, aos que se suman 12 marcados polo Estado, dos que 3 poden ser substituídos polas comunidades autónomas***
- ***Dos festivos obrigatorios, se algún coincide en domingo, a Comunidade autónoma pode substituílo polo luns seguinte, ou ben por outro día de interese***
- ***Dado que o próximo ano tanto o 6 de xaneiro como o 8 de decembro coincidirán en domingo, Galicia substituirá estes festivos polo 17 de maio, Día das Letras Galegas, e o 24 de xuño, San Xoán***
- ***Escolléronse estas datas pola súa relevancia propia e posto que o 17 de maio é venres, e o 24 de xuño é luns, polo que ambos os festivos serían correlativos á fin de semana***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto que establece o calendario laboral de Galicia para 2013, que inclúe un total de 14 festivos entre os que se inclúen, entre outros, o 17 de maio, Día das Letras Galegas, e o 24 de xuño, San Xoán. Ambos días foron elixidos para substituír a festivos que caían en domingo pola súa relevancia na comunidade autónoma e porque, ademais, son correlativos á fin de semana: o 17 de maio é venres, e o 24 de xuño é luns.

O Consello da Xunta aprobou hoxe este texto, que se establece sobre o Real decreto 2001/1983, que fixa as festas de ámbito nacional non recuperables e de carácter obrigatorio. Esta normativa determina un máximo de 14 festivos anuais, de carácter remunerado e non recuperables.

Destes 14 festivos: 2 son elixidos por cada concellos; e dos outros 12 restantes, 9 son de carácter obrigatorio e tres poden ser substituídos polas comunidades autónomas. A isto hai que sumarlle que, se algún destes 12 festivos cae en domingo, a Comunidade pode substituílos ou ben polo luns seguinte ou por outro día que fixe a propia comunidade autónoma.

Os 9 festivos nacionais que son de carácter obrigatorio e non substituíbles son: 1 de xaneiro, Venres Santo, 1 de maio, 15 de agosto, 12 de outubro, 1 de novembro, 6 de decembro, 8 de decembro e 25 de decembro. A estes 9, súmanse os outros tres que poden ser substituídos polas comunidades: 6 de xaneiro, Xoves Santo, e 25 de xullo.

Destes tres que poden ser substituídos hai que lembrar o seguinte: o 6 de xaneiro non é modificado por ningunha comunidade autónoma; o Xoves Santo tamén se mantén en Galicia, aínda que nalgunha outra comunidade se substitúe polo Luns de Pascua; e o 25 de xullo si que é substituído en varios territorios, pero non en Galicia por ser o día nacional desta comunidade.

Polo tanto, os festivos que podería substituír a comunidade autónoma serían aqueles que caen en domingo, que en 2013 son dous: o 6 de xaneiro e o 8 de decembro.

Polo tanto, a Xunta decidiu substituír estes dous días polo tradicionalmente festivo Día das Letras Galegas, que coincidiría en venres; e, como novidade, inclúese o 24 de xuño, San Xoán, que coincide en luns.

De cara a 2013, decidiuse elixir ao San Xoán como festivo (sobre outras posibilidades como poderían ser o 19 de marzo ou o Martes de Entroido), xa que o 24 de xuño coincide en luns e, polo tanto, permitiría avanzar no establecemento paulatino en luns dos festivos que caen entre semana co fin de mellorar a economía. Isto no que se refire aos festivos que competen á comunidade autónoma, xa que cabe recordar que o cambio dos festivos de carácter obrigatorio a luns é unha competencia estatal, posto que deben ser o mesmo día en todo o territorio nacional.

## **O TEITO DE GASTO AUTONÓMICO PARA 2013 LIMITARÁ O SEU AXUSTE AO 1% POLAS MEDIDAS XA TOMADAS POLO GOBERNO E POLA XUNTA**

- *O axuste global do 3,3% será fundamentalmente pola diminución á metade do endebedamento da comunidade*
- *Dous terzos será automático pola implantación das medidas de aforro incluídas xa no Plan de Reequilibrio e polas aprobadas polo Goberno central*
- *O Consello da Xunta aprobou un límite de gasto non financeiro para o vindeiro ano que garante a estabilidade orzamentaria e a solvencia da Facenda autonómica*
- *O Executivo galego presenta un escenario realista e responsable que permite manter a prestación dos servizos públicos esenciais*
- *A economía galega tamén terá un comportamento mellor que a española en 2013 e a comunidade manterá un diferencial positivo de taxa de paro superior aos 4 puntos*
- *Desde que comezou a lexislatura o Goberno autonómico axustou o seu gasto nun 20% ata o nivel do ano 2005.*

O Consello da Xunta aprobou hoxe un teito de gasto non financeiro para 2013 que limitará o seu axuste ao 1% en relación á capacidade de gasto deste exercicio polas medidas xa implantadas tanto pola Administración autonómica e polo Goberno central, que tamén terán o seu impacto o vindeiro ano.

En global se situará nos 8.481 millóns de euros, un 3,3% inferior ao axustado para o presente exercicio, unha baixada que se debe en grande medida a que a capacidade de endebedamento da comunidade será menos da metade, ao pasar do 1,5 ao 0,7% do PIB autonómico.

Dous terzos dos 290 millóns de euros da diferenza de capacidade de gasto estarán axustados xa de maneira automática como consecuencia das medidas incluídas xa no Plan de Reequilibrio do Goberno galego e da aplicación das medidas de aforro aprobadas polo Goberno central, o que limita o axuste final ao 1,1%, que se materializará analizando partida a partida á hora de elaborar o orzamento para 2013, sempre blindando o gasto social con carácter previo.

Con esta previsión de capacidade máxima de gasto, o Executivo autonómico garantirá un ano máis a estabilidade orzamentaria e a solvencia da Facenda autonómica. Unha vez que o Goberno galego xa deu o visto e praxe a este teito de gasto, foi remitido esta mesma mañá ao Parlamento para a súa aprobación na Cámara autonómica no pleno extraordinario de mañá.

A conselleira de Facenda, Elena Muñoz Fonteriz, salientou que, ao igual que neste ano, o vindeiro a economía galega terá un comportamento dúas décimas mellor que a española e manterá un diferencial positiva en taxa de paro superior aos 4 puntos.

A titular de Facenda cifrou en 7.871 millóns de euros os ingresos non financeiros para 2013, que serán complementados co 0,7% de déficit autorizado polo Consejo de Política Fiscal y Financiera (CPFF) par ao vindeiro ano. Muñoz Fonteriz subliñou que o Executivo galego presenta un escenario realista e responsable que permite manter a prestación dos servizos públicos esenciais.

Desde que comezou a lexislatura o Goberno galego leva axustado o seu orzamento nun 20% e con este teito non financeiro a Administración autonómica situará a súa capacidade de gasto do ano 2005.

A conselleira de Facenda subliñou tamén que o traballo feito pola Xunta de Galicia nos máis de tres anos de lexislatura, con medidas pioneiras en austeridade e eficiencia no gasto público, permite a esta comunidade manter unha mellor posición comparativa respecto ao resto de comunidades, ademais de ter evitado tomar medidas abruptas que outras autonomías non tiveron máis remedio que asumir.

Así, Elena Muñoz Fonteriz reafirmou o compromiso da Xunta coa estabilidade orzamentaria e lembrou que Galicia foi a comunidade que pechou 2011 con menor déficit público, o 1,61%, menos da metade da media que se situou no 3,32%.

## **CATRO EMPRESAS GALEGAS IMPULSAN XA A SÚA INNOVACIÓN E COMPETITIVIDADE GRAZAS AO FONDO I2C DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- ***O fondo de capital risco está dotado con 20 millóns de euros para apoiar a innovación empresarial en sectores altamente tecnolóxicos***
- ***Nanogap, Keramat, Scio Soft e Blusens contan con préstamos participativos de Xesgalicia que suman 4,16 millóns de euros***
- ***Os apoios da consellería con este fondo favorecen a creación de novos postos de traballo e impulsan as estratexias de internacionalización das empresas***

O fondo tecnolóxico i2c, impulsado pola Consellería de Economía e Industria para apoiar proxectos cun alto contido innovador en sectores altamente tecnolóxicos, está a facilitar xa a mellora competitiva de catro empresas galegas. Este fondo xestionado por Xesgalicia, con recursos orzamentados en 20 millóns de euros, leva investidos ata a data 4,16 millóns de euros, cos que se apoian proxectos cun alto contido innovador correspondentes a sectores altamente tecnolóxicos, nas empresas Nanogap, Keramat, Scio Soft e Blusens, o que lles permite incrementar de forma significativa os seus cadros de persoal e impulsar as súas estratexias de internacionalización.

O primeiro investimento do fondo i2C foi realizado en Nanogap, unha empresa de Ames que ofrece unha ampla gama de novos nanomateriais susceptibles de seren aplicados para conseguir capacidades condutoras en determinados produtos; para material de uso médico, polas súas propiedades antimicrobianas; ou para mellorar probas de diagnóstico clínico ou a seguridade dos billetes, debido ás súas aplicacións magnéticas. Ademais, nestes momentos Nanogap está a traballar na investigación de aplicacións terapéuticas relacionadas coa investigación de antibióticos e novos métodos de detección e tratamento do cancro.

A través do Fondo i2C, a Consellería de Economía e Industria concedeu un préstamo participativo de máis dun millón de euros para procurar que esta empresa poida seguir avanzando na súa estratexia baseada na rendibilidade, a innovación e a internacionalización. Grazas ao préstamo do Fondo i2C, Nanogap poderá seguir avanzando no seu crecemento e consolidación, triplicando o seu cadro de persoal e creando 20 novos postos de traballo ata 2016.

Tamén se aprobou un apoio de 600.000 euros a Keramat, empresa situada no Milladoiro especializada na produción de biomateriais cerámicos para rexeneración ósea que está a desenvolver a unha estratexia de crecemento e liderado no sector e xa traballa para países como Italia, Turquía, Israel e Alemaña, ao tempo que prevé levar os seus produtos a outros mercados como Rusia ou EE.UU. Keramat xera 14 postos de traballo de alta cualificación e prevé ampliar nun 60% o seu cadro de persoal nos próximos tres anos.

Aprobouse tamén a concesión dun préstamo dun millón de euros á empresa coruñesa Scio Soft, S.L., para a produción de elementos de seguridade marítima no marco dun proxecto con alto contido en I+D. A empresa prevé incrementar nun 50% o seu cadro de persoal, que será de 12 persoas en 2016.

No caso de Blusens Technology, S.L., o préstamo participativo concedido a través do fondo i2C ascende a 1,5 millóns de euros para apoiar un proxecto de investimento en I+D así como en novas instalacións de fabricación. Deste xeito, a empresa asentada en Santiago pasará dos 149 empregos actuais -23 no departamento de i+D- a 157 postos de traballo en 2014.

O fondo i2C ten como obxectivo financiar proxectos empresariais, tanto nas fases iniciais, de arranque, como nas de expansión e consolidación, sempre que teñan un marcado carácter innovador, especialmente aqueles que resulten da potencial valorización do coñecemento xerado polos diferentes axentes do sistema galego de I+D+i.

Impulsado pola Consellería de Economía e Industria a través da colaboración entre Xesgalicia e a Axencia Galega de Innovación, o obxectivo do Fondo i2C é favorecer a posta en marcha de proxectos solventes, cunha forte compoñente de I+D+i, con grandes perspectivas de internacionalización e encadrados en sectores cun alto potencial de crecemento. Así, estanse a primar os investimentos en iniciativas ligadas á biotecnoloxía, nanotecnoloxía, ás tecnoloxías da información e das comunicacións (TIC), á sanidade, á educación, á seguridade e ás enerxías alternativas.



## **A XUNTA DE GALICIA MELLORARÁ OS ACCESOS E ACONDICIONARÁ AS INMEDIACIÓNS DO CEMITERIO DE PALAS DE REI**

- ***O Consello da Xunta aproba a formalización dun convenio de colaboración polo que se executarán estas obras, que implican un investimento de máis de 150.000 euros***
- ***As previsións da Xunta son licitar esta actuación despois do verán, unha vez que a Administración local remita a documentación técnica necesaria***

O Consello da Xunta de Galicia autorizou na súa reunión desta mañá a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Palas de Rei, para executar unha mellora no acceso ao cemiterio deste concello lucense, así como da rúa Antas de Ulla.

Con base nesta colaboración interadministrativa, a Axencia Galega de Infraestruturas destinará 165.054 euros para a materialización desta actuación, coa intención de licitala despois do verán.

A necesidade desta actuación radica no feito de que o Concello de Palas de Rei conta cun único cemiterio municipal situado nunha zona de acceso moi deficiente, tanto para os visitantes do lugar como para a celebración dos actos litúrxicos. A zona do cemiterio e a rúa Antas de Ulla están reflectidas nas Normas Subsidiarias de Planeamento (NSP), polo que se deben garantir servizos básicos como son beirarrúas, iluminación pública, saneamento e abastecemento.

Cómpre subliñar que a Axencia Galega de Infraestruturas ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, de xeito que se proporcione aos usuarios da rede unhas condicións de condución cómodas e seguras, mellorando os déficits na seguridade viaria e facilitando o acceso aos distintos equipamentos na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico.

Neste contexto, a Axencia Galega de Infraestruturas, en colaboración co Concello de Palas de Rei, trata de fomentar aqueles investimentos que resolvan problemas nas infraestruturas, coa finalidade dun desenvolvemento económico e social que comporte unha maior calidade de vida aos seus cidadáns.

### **Obrigas das partes**

No caso do departamento que dirixe Agustín Hernández, as obrigas son, ademais de financiar e licitar as obras, supervisar o documento técnico en que se especifican as obras e actuacións previstas e, ao remate da obra, realizar a entrega á entidade local.

Pola súa banda, será responsabilidade do concello elaborar e aprobar o documento técnico en que se recollen as obras, remitir á axencia a documentación relativa ao proxecto (como a súa aprobación ou a acta de planeamento previa), dispoñer da totalidade dos terreos libres de cargas e gravames e, por último, asumir a súa explotación, mantemento e conservación.

### **Comisión de seguimento**

No convenio asinado esta mañá tamén se establece a constitución dunha comisión de seguimento formada por un representante da Axencia Galega de Infraestruturas e un representante do Concello de Palas de Rei.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- 1.- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio naqueles aspectos técnicos obxecto deste, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- 2.- Propoñer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do presente convenio.
- 3.- Trasladar ás partes a resolución das posibles controversias que puidesen xurdir na aplicación do convenio.

Esta comisión reunirse as veces que se consideren oportunas para o cumprimento do presente convenio.

## **A XUNTA INVISTE MÁIS DE 631.000 EUROS NA EXECUCIÓN DE 13 PUNTOS DE CONEXIÓN COA DEPURADORA DE GUILLAREI, NO CONCELLO DE TUI, CO FIN DE MELLORAR O SISTEMA DE SANEAMENTO**

- *Estas obras están enmarcadas nun proxecto a través do que a Consellería de Medio Ambiente pretende mellorar o sistema de colectores do Louro e para o que se destina un orzamento de preto de 14 millóns de euros*
- *Os traballos consisten na execución de novas conexións cuxa lonxitude oscila entre 50 e 300 metros, localizadas nos núcleos de Areas, Baldráns, Caldelas, Paramos, Randufe, Rebordáns e Tui*
- *Proxéctanse tamén 3 estacións de bombeo, dúas delas na parroquia de Areas e outra en Rebordáns*
- *Estas obras de mellora, cuxo prazo de execución é de 14 meses, darán servizo a máis de 5.300 habitantes*
- *A Consellería de Medio Ambiente está a investir desde finais do 2009 e ata finais do 2013, 6,8 millóns de euros na explotación da depuradora de Guillarei e do sistema de saneamento do río Louro*

O Consello da Xunta de hoxe autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas co Concello de Tui para a execución das conexións á estación depuradora de augas residuais (EDAR) de Guillarei.

O Goberno galego, a través de Augas de Galicia, achega un importe económico de máis de 631.000 euros para levar a cabo estes traballos hidráulicos. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente cofinancia estas obras, achegando o 50% do orzamento.

A actuación está enmarcada nun proxecto a través do que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas pretende mellorar o sistema de colectores do Louro e para o que se destina un orzamento de preto de 14 millóns de euros. Trátase dunha serie de obras hidráulicas para optimizar o servizo de saneamento dos concellos do Porriño, Salceda de Caselas, Mos e Tui.

### **Conexións**

As obras autorizadas no Consello da Xunta de hoxe consisten na execución de 13 novas conexións cuxa lonxitude oscila entre 50 e 300 metros, localizadas nos núcleos de Areas, Baldráns, Caldelas, Paramos, Randufe, Rebordáns e Tui.

Proxéctanse tamén 3 estacións de bombeo, dúas delas na parroquia de Areas e outra en Rebordáns. Para as dúas primeiras construíranse pozos de bombeo in situ, e o outro será prefabricado de polietileno e contará co seu aliviadoiro composto por un tubo de PVC de diámetro 200 mm. Tamén se executará a instalación eléctrica doutro bombeo existente na parroquia de Paramos. O proxecto inclúe a colocación de aliviadoiros en 4 pozos da rede municipal previa á súa conexión co colector do río Miño.

A maior rede de saneamento do concello de Tui está conectada directamente coa EDAR de Guillarei, que na actualidade traballa por encima da súa capacidade de tratamento, debido a que gran parte das redes de saneamento existentes na bacía non están conectadas coa depuradora e a gran cantidade das verteduras que recibe para seren tratadas proveñen de augas pluviais, o que dificulta a eficiencia do tratamento.

Nas parroquias de Areas, Baldráns, Caldelas, Paramos, Randufe, Rebordáns e Tui o saneamento é moi deficiente, resolvendo o problema mediante fosas sépticas de índole particular, ou por estar conectados a futuros ramais de saneamento incompletos ou inacabados. Neste senso, os traballos proxectados mellorarán esta situación, proporcionando un sistema de saneamento máis adecuado ás necesidades da poboación.

Con esta actuación dotarase aos veciños das citadas parroquias dun sistema de saneamento axeitado, do que carecen na actualidade, eliminando as insalubres fosas sépticas. En total, darase servizo a unha poboación de 5.397 habitantes deste municipio pontevedrés.

A Consellería de Medio Ambiente sinala que o prazo de execución destas obras de mellora será de 14 meses.

#### **EDAR de Guillarei**

A Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) de Guillarei ten capacidade para dar servizo a preto de 132.300 habitantes e pode depurar 2.326 m<sup>3</sup>/hora. O proceso de tratamento é biolóxico mediante lodos activados. A rede de colectores ten 82 quilómetros de lonxitude que se complementan con 18 aliviadoiros e dous bombeos de elevación.



No que respecta á rede de saneamento do Louro, a Xunta contempla un orzamento de preto de 14 millóns de euros nun total de 25 actuacións. No seguinte cadro amósanse as distintas obras hidráulicas.



Actuación	Concello	Orzamento	Estado
REDE DE COLECTORE DE SANEAMENTO EN EIRA GRANDE E PORTELA	Mos	168.852,09 €	Obra executada (2007)
REDE DE COLECTORE DE SANEAMENTO EN TAMEIGA, PETELOS E SANGUIÑEDA	Mos	429.000,46 €	Obra executada (2007-2008)
Saneamento no Pombal	Mos	140.616,55 €	Obra executada (2011)
Colectores secundarios para a conexión co sistema xeral do Louro. Mos	Mos	1.546.966,11 €	Obra en execución
RED DE SANEAMENTO DA PARROQUIA DE ATIÓS	O Porriño	359.556,42 €	Obra executada (2008-2009)
RED DE SANEAMENTO DA PARROQUIA DE BUDIÑO	O Porriño	285.916,37 €	Obra executada (2008)
CONEXIÓN DOS COLECTORES SECUNDARIOS AO COLECTOR XERAL DO LOURO. ZONA URBANA	O Porriño	196.838,00 €	Obra executada (2009)
CONEXIÓN DOS COLECTORES SECUNDARIOS AO COLECTOR XERAL DO LOURO. ZONA RURAL	O Porriño	214.405,85 €	Obra executada (2009)
Conexión dos colectores secundarios ao colector xeral do Louro. Zona urbana. O Porriño (Pontevedra)	O Porriño	214.334,09 €	Obra executada (2010)
Conexión de colectores secundarios ao colector xeral do Louro. Zona rural. O Porriño (Pontevedra)	O Porriño	232.339,55 €	Obra executada (2010)
Colectores secundarios no Porriño para conexión con sistema xeral do Louro. O Porriño (Pontevedra)	O Porriño	1.910.095,26 €	Obra en execución
Saneamento nas bacías transfronteirizas. Rede de saneamento da parroquia de Atíos. Concello do Porriño	O Porriño	316.398,75 €	Obra executada (2009)
Obra de saneamento en Santo Estevo de Budiño	O Porriño/Salceda de Caselas	1.037.724,03 €	Licitada (xullo 2012)
SANEAMENTO EN SALCEDA DE CASELAS. 2ª FASE	Salceda de Caselas	600.000,00 €	Obra executada (2006-2007)
SANEAMENTO NAS VEIGIÑAS, O BARRAL, A VEIGA DO CAMPO E A LAXE	Salceda de Caselas	230.403,86 €	Obra executada (2004-2006)
CONEXIÓN DOS COLECTORES SECUNDARIOS AO COLECTOR XERAL DO LOURO E ACTUACIÓNS COMPLEMENTARIAS	Salceda de Caselas	199.815,00 €	Obra executada (2009)
FINALIZACIÓN DAS OBRAS DE SANEAMENTO DA FASE I. ZONA NORTE	Salceda de Caselas	198.634,98 €	Obra executada (2009)
FINALIZACIÓN DAS OBRAS DE SANEAMENTO DA FASE I. ZONA SUR	Salceda de Caselas	203.462,36 €	Obra executada (2009)
Conexión dos colectores secundarios ao colector xeral do Louro e actuacións complementarias. Salceda de Caselas (Pontevedra)	Salceda de Caselas	217.578,83 €	Obra executada (2010)
SANEAMENTO DE TUI 2ª FASE	Tui	2.016.254,63 €	Obra executada (2004-2005)
SANEAMENTO NO MONTE ALOIA	Tui	514.400,78 €	Obra executada (2008-2009)
CONEXIÓNS DA REDE DE SANEAMENTO XERAL	Tui	200.986,18 €	Obra executada (2012)
Colector xeral do río Furnia	Tui	1.257.516,25 €	Obra en execución
Colector xeral de San Simón	Tui	737.663,45 €	Obra executada (2012)
Conexións a redes xerais e secundarias no concello de Tui	Tui	616.249,65 €	En tramitación para licitar
<b>TOTAL</b>		<b>14.046.009,50 €</b>	

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas está a investir desde finais do 2009 e ata finais do 2013, 6,8 millóns de euros na explotación da depuradora de Guillarei e do sistema de saneamento do río Louro.

## **A XUNTA APROBA UN INVESTIMENTO DE CASE 580.000 EUROS PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DE MELLORA DE ABASTECIMENTO DE AUGA NO CONCELLO DE CARBALLEDA DE VALDEORRAS**

- *Os núcleos de Sobradelo e Pumares abastécense por unha captación no río Candeda que se atopa nun estado de conservación moi deficiente, producindo numerosos cortes na subministración e restricións en época estival*
- *As obras darán servizo a máis de 831 habitantes e suporán a construción de máis de 12 quilómetros de novas conducións e 6,5 quilómetros de camiños*

A Xunta de Galicia aproba na súa reunión deste xoves un investimento de preto de 580.000 euros co fin de levar a cabo as obras de mellora de abastecemento de auga no concello ourensán de Carballeda de Valdeorras. Na actualidade os núcleos de Sobradelo e Pumares pertencentes ao dito municipio son abastecidos mediante unha captación no río Candeda, unha infraestrutura que se atopa nun estado de conservación moi deficiente, producindo numerosos cortes na subministración e restricións en época estival debido á escaseza de auga.

As obras solucionarán os problemas de abastecemento que sofren na actualidade os veciños deste núcleo, co que se dará servizo a máis de 831 habitantes.

A actuación, que se inclúe no Programa de Desenvolvemento Rural Sostible, conta cun investimento de 579.013,93 euros, que serán cofinanciados por Augas de Galicia e polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

Para solucionar os problemas detectados levaranse a cabo os seguintes traballos. No río Candeda executarase un camiño de acceso ao azude de 1.746 metros que inclúe cuneta nun lado en toda a súa lonxitude; a limpeza do azude e a colocación dunha comporta. Así mesmo, prevese a construción dunha caseta de captación, e para o filtrado das augas instalarase unha arqueta de filtrado e decantación.

No depósito de Sobradelo e co fin de urbanizar o conxunto da depuradora e depósitos, prevese o rasanteo da superficie exterior, un peche perimetral da instalación, e pintaranse exteriormente os depósitos. Na Estación de Tratamento de Auga Potable (ETAP) cambiarase a porta da entrada, e procederase á renovación de ventás, recebado e colocación de lousas.

En canto ás conducións que se van executar, poden distinguirse tres tramos. No primeiro, entre a captación e o depósito Sobradelo, colocarase 19,8 m de tubos de fundición de 100 mm de diámetro, 3 ventosas e 2 desaugadoiros de fondo. A condución desde a captación será a través de de 3.171 metros de tubaría de polietileno de 140 mm de diámetro.

No segundo treito, desde A Medua ao depósito de Sobradelo, colocaranse 4.180 m de tubo de polietileno de 110 mm de diámetro, 5 ventosas e 10 desaugadoiros de fondo. Reporase o camiño afectado, realizarase a canalización eléctrica, e para o bombeo de auga desde o depósito de Sobradelo ata o depósito da Medua, instalárase unha bomba para 110 m de altura e 3,5 l/seg.

Para o terceiro tramo, desde o cemiterio a Pumares, colocaranse 5.280 m de tubo de polietileno de 63 mm de diámetro e 10 Atm, 9 ventosas e 10 desaugadoiros de fondo. Executaranse 4.800 m de reposición do camiño, rasanteo e extensión de 10 cm de saburras cun largo de 3 metros.

### **Situación actual**

Estas obras fanse necesarias xa que o núcleo de Sobradelo dispón de dous depósitos de regulación sen un peche perimetral que impida o paso a persoal non autorizado, o que favorece continuas sabotaxes. As conducións están realizadas nun PVC de baixa intensidade e de fundición, nalgúns casos con diámetros inferiores a 63 mm, as cales xa foron reparadas en diversas ocasións.

Por outra banda, o núcleo da Medua conta cunha captación independente da cal se abastece e tamén ao núcleo de Sobradelo en épocas de seca. Esta captación atópase tamén nun estado moi precario, orixinando continuas roturas sendo moi complicada a súa reparación debido á difícil colocación dos tubos.

### **Colaboración entre administracións**

O Goberno galego ten como obxectivo a colaboración técnica e financeira da Administración hidráulica de Galicia coas entidades locais en materia de abastecemento e saneamento de augas (Decreto 84/1997, do 10 de abril)

Esta actuación programouse dentro do convenio específico asinado o 7 de maio de 2012 entre a Administración xeral do Estado e a comunidade autónoma de Galicia para a execución, seguimento e avaliación das accións incluídas nos plans de zona das súas zonas rurais.

Grazas a estas actuacións garántese a subministración de auga en calidade e cantidade á poboación, a renovación da rede de abastecemento co fin de evitar perdas de auga, a mellora da calidade da auga e suporá, tamén, o fomento do consumo responsable e o seu aforro.



## **MEDIO AMBIENTE INCREMENTA 1,4 MILLÓNS DE EUROS O INVESTIMENTO PARA A EXPLOTACIÓN DA DEPURADORA DE ARCADE CO FIN DE MELLORAR A SÚA XESTIÓN**

- ***O importe total que se dedica á explotación desta infraestrutura hidráulica ascende a 4,2 millóns de euros, ata o ano 2020***
- ***O aumento no investimento permitirá garantir un correcto funcionamento, mantemento e seguridade destas instalacións e infraestruturas hidráulicas de depuración de augas residuais urbanas***
- ***Augas de Galicia, unha vez asumida a explotación, realizou importantes investimentos adicionais como a remodelación do pozo de bombeo ou a instalación de equipamentos de radiación ultravioleta para desinfección, por un importe de máis de 550.000 euros***

O Consello da Xunta de hoxe autoriza un incremento de 1,4 millóns de euros no investimento que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas achega para a xestión da explotación da estación depuradora de augas residuais (EDAR) de Arcade, no Concello de Soutomaior. O importe total que se dedica á explotación desta infraestrutura hidráulica ascende a 4,2 millóns de euros para o período comprendido entre o inicio do contrato de explotación (2005) e o seu remate (2020).

A EDAR de Arcade, cunha capacidade de tratar a carga contaminante equivalente a 10.368 habitantes, recolle na súa maior parte augas residuais da poboación do Concello de Soutomaior, que conta, ademais, con outra pequena depuradora situada no río Verdugo, tamén explotada por Augas de Galicia. O mantemento desta depuradora foi asumido pola Xunta de Galicia no seu momento con base na antiga Lei 8/2001 de protección da calidade das augas das rías de Galicia, pero a súa aplicación limitouse a unhas poucas estacións depuradoras. Hoxe, a Lei de Augas de Galicia prevé estender este modelo ao resto de instalacións existentes para aqueles casos nos que os concellos o demanden, e está tramitando a norma regulamentaria que habilita o procedemento.

No caso desta depuradora, Augas de Galicia encárgase da súa explotación e proxecta arranxos de roturas de equipos ou substitucións de elementos esenciais. Tamén incorpora novos elementos necesarios para unha completa depuración, como foi no seu momento a implantación de equipamentos de radiación ultravioleta ou un novo pozo de bombeo debido á continua chegada ao mesmo de áreas procedentes da rede de saneamento.

O investimento nestas obras de acondicionamento e mellora, nos 7 anos que augas de Galicia leva explotando a depuradora, ascendeu a 553.734,72 euros. Todo isto provoca a aparición de novos custos que precisan dun incremento no orzamento inicial,

necesario para garantir un correcto funcionamento, mantemento e seguridade das instalacións e infraestruturas hidráulicas de depuración de augas residuais urbanas.

Cómpre salientar que o aumento da enerxía eléctrica desde o ano 2005 ata agora supón un incremento de cerca do 30% nas tarifas eléctricas. Isto, xunto co aumento de caudal sobre o inicialmente deseñado, provocan un incremento dos custos de xestión.

## **A XUNTA CEDERÁ AO CONCELLO DE VILA DE CRUCES OS LOCAIS DO CINE, IGREXA E ESCOLAS DO POBOADO MINEIRO DE FONTAO**

- ***O IGVS investiu máis de 9,3 millóns de euros na rehabilitación completa do poboado***
- ***O proceso comezou no ano 2000 coa adquisición dos terreos e edificacións do antigo poboado mineiro***
- ***A rehabilitación realizouse en dúas fases. A primeira afectou os edificios de vivendas e a segunda os edificios complementarios***

O Instituto Galego da Vivenda e Solo cederá as escolas, igrexa e cine do poboado mineiro de Fontao ao concello de Vila de Cruces para destinalos a usos públicos, segundo acordou o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión de hoxe. A cesión realizarase sen custo para o concello.

Coa cesión, os locais resultantes da rehabilitación das antigas escolas do poboado mineiro, así como o antigo cine e a igrexa pasarán a depender do concello de Vila de Cruces, que prevé destinalos a distintos usos culturais e sociais.

Na antiga igrexa de Fontao o concello prevé a instalación do museo mineiro e unha sala de exposición, mentres que as aulas das antigas escolas se destinarán ás asociacións de veciños da parroquia e usos administrativos, formativos e exposicións. Finalmente, o local do antigo cine servirá para a celebración de eventos culturais ou musicais e sala polivalente.

Con anterioridade, en xaneiro de 2005, o concello xa recibirá a cesión gratuíta dos terreos do poboado non ocupados polas edificacións, como son as vías, zonas verdes, prazas de aparcadoiro, etc.

Con esta cesión complétase a rehabilitación do poboado mineiro de Fontao, que o IGVS iniciou coa adquisición deste no ano 2000, procedendo á redacción dun plan especial para a súa recuperación, que foi aprobado definitivamente en xuño de 2002. En total, o poboado mineiro ocupa unha superficie de máis de 30.000 metros cadrados.

As obras de rehabilitación realizáronse en dúas fases. Na primeira procedeuse á rehabilitación dos edificios destinados a vivendas e meirande parte das obras de urbanización. Do proceso de rehabilitación xurdiron 79 vivendas, que foron cualificadas de promoción pública e adxudicadas en réxime de alugueiro con opción de compra.

A segunda fase da rehabilitación destinouse á recuperación dos edificios da antiga igrexa, cine e escolas, que agora se entregan ao concello. Tamén se mellorou a urbanización do poboado coa modificación da iluminación pública, o acondicionamento de espazos públicos non urbanizados na primeira fase, instalación de mobiliario urbano, acondicionamento da praza do cinema e incremento de prazas de aparcadoiro.

En total, o Instituto Galego da Vivenda e Solo investiu na rehabilitación do poboado mineiro de Fontao máis de 9,3 millóns de euros, segundo o seguinte detalle:

<b>ACTUACIÓN</b>	<b>EUROS</b>
Adquisición dos terreos e edificios	940.485,16
Rehabilitación dos edificios de vivendas	5.496.243,30
Obras de urbanización do contorno das vivendas	666.946,47
Rehabilitación dos edificios dotacionais e mellora da urbanización existente	1.992.670,78
Equipamento dos edificios dotacionais	212.151,83
<b>TOTAL</b>	<b>9.308.497,54</b>

## **O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CONVENIO PARA A CONSTRUCCIÓN DOS ACCESOS AO POLÍGONO DO BERTÓN, EN FERROL, QUE SE LICITARÁN NO ÚLTIMO TRIMESTRE DO ANO**

- *O importe desta actuación, que asumirá na súa totalidade a Axencia Galega de Infraestruturas, elévase aos 1.275.000 euros*
- *Tamén é responsabilidade da Consellería de Medio Ambiente executar as obras, cuxo inicio se establece para o último trimestre de 2012*
- *Antes de licitar o contrato, Xunta e Concello asinarán este convenio de colaboración*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou na súa reunión desta mañá o convenio de colaboración polo que se establecen as bases da colaboración técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o Concello de Ferrol, que permitirán realizar a obra de adecuación das rúas Bertón e Barbeito ata a rúa Venezuela, é dicir, a denominada 'i grego' para o acceso ao Polígono do Bertón, en Ferrol.

O importe desta actuación, que asumirá ao 100 por cento a Axencia Galega de Infraestruturas, elévase aos 1.275.000 euros, que asumirán en dous exercicios: no presente achegaranse 600.000 euros e a de 2013 é de 675.000 euros. O investimento prevé o movemento de terras, pavimentación de calzadas, beirarrúas, aparcadoiros, redes de abastecemento e saneamento, rede de gas, telecomunicacións electricidade e iluminación, así como mobiliario urbano.

En virtude desta colaboración interadministrativa, a Xunta de Galicia será a encargada de licitar as obras. O departamento que dirixe Agustín Hernández ten previsto licitar estas actuacións no último trimestre do ano. Non obstante, antes de licitar a actuación, Xunta e Concello deberán asinar este convenio de colaboración.

### **Compromisos do concello**

Ademais de aprobar o proxecto, o Concello de Ferrol deberá poñer á disposición da Axencia de Infraestruturas os terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico axeitado para a execución destes accesos, así como a reposición de servizos e servidumes afectados non incluídos no convenio de colaboración aprobado polo Consello da Xunta.

Unha vez realizadas as obras e logo da súa entrega, a Administración local asumirá a súa explotación, mantemento e conservación.

### **Comisión de seguimento**

Esta colaboración tamén implica a constitución dunha Comisión de Seguimento formada por dous representantes da Axencia Galega de Infraestruturas e dous representantes do Concello de Ferrol. As súas funcións serán as seguintes:

- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio naqueles aspectos técnicos obxecto daquel, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Propoñer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do convenio.
- Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puidesen xurdir na aplicación do convenio.

Esta comisión reunirase as veces que se consideren oportunas para o cumprimento desta colaboración.

### **Polígono do Bertón**

No Bertón, o Instituto Galego de Vivenda e Solo, (IGVS) a través de Xestur Coruña, urbanizou un ámbito de 138.000 metros<sup>2</sup> no que resultaron 22 parcelas destinadas a vivendas protexidas e unha de uso comercial, cun investimento de máis de 28 millóns de euros.

Actualmente, o Instituto Galego da Vivenda e Solo está construíndo un total de 52 vivendas de promoción pública en dúas das parcelas urbanizadas, cun investimento total de máis de 4,8 millóns de euros.

Nunha das parcelas estanse a edificar un total de 28 vivendas, das que cinco son de dous dormitorios (arredor de 69 m<sup>2</sup> de superficie útil) e as 22 restantes de tres dormitorios, con 85 m<sup>2</sup> de superficie útil. O edificio contará con 80 prazas de garaxe, en cumprimento do establecido polo plan parcial, que obriga a dotar con dúas prazas cada cen metros cadrados construídos. A obra foi adxudicada por máis de 2,8 millóns de euros e as previsións da Xunta é rematala a finais de 2012.

As 24 vivendas restantes, que se están a construír noutra parcela, serán de dous dormitorios, cunha superficie útil media de 69 m<sup>2</sup>. O edificio contará con 59 prazas de garaxe, cumprindo o establecido no plan parcial. A obra adxudicouse por máis de 2 millóns de euros, iniciándose en setembro de 2010 e con remate previsto para o primeiro trimestre de 2013.



## **A XUNTA APROBA O PARQUE EÓLICO DE MUXÍA QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE 50 MILLÓNS NESTE CONCELLO DA CORUÑA**

- ***A Consellería que dirixe Javier Guerra está a apoiar un modelo de desenvolvemento da enerxía eólica orientado á recuperación do liderado neste sector***
- ***A aprobación deste proxecto con 23 aerogeradores e totalizando unha potencia de 46 MW, permitirá a implantación dunha nova instalación de produción de enerxía a partir de fontes renovables***

O Consello da Xunta aprobou definitivamente a primeira e segunda fase do parque eólico de Muxía I o que supón o último paso na tramitación autonómica dun proxecto que mobilizará uns investimentos de preto de 50 millóns neste concello coruñés.


Deste xeito, a Consellería de Economía e Industria continúa a desenvolver a aposta da Xunta polo liderado galego no eido renovables, tendo como unha das súas prioridades o impulso dado sector eólico na comunidade.

A aprobación deste proxecto sectorial de incidencia supramunicipal no Concello de Muxía, composto por 23 aerogeradores e totalizando unha potencia de 46 MW, permitirá a implantación dunha nova instalación de produción de enerxía a partir de fontes renovables, supoñendo un novo avance no desenvolvemento deste tipo de enerxías e un paso máis na redución da dependencia doutras fontes.

Neste sentido, cómpre destacar que a consellería que dirixe Javier Guerra está a apoiar un modelo de desenvolvemento da enerxía eólica orientado á recuperación do liderado neste sector e mais a impulsar a reactivación económica de Galicia. Nesta estratexia, o Goberno galego ten moi en conta os concellos, de xeito que por medio do canon eólico recadáronse xa 70 millóns de euros destinados aos municipios galegos.

Por outra banda, o traballo da Xunta de Galicia neste eido ten tamén como obxectivo avanzar no aforro e a eficiencia no horizonte do cumprimento do compromiso europeo 20-20-20, que como unha das súas prioridades busca que no ano 2020 o 20% do consumo final bruto da enerxía proceda de fontes renovables.





## **CULTURA E EDUCACIÓN ACHEGARÁ 150.000 EUROS Á UNIVERSIDADE DA CORUÑA COMO AXUDA COMPLEMENTARIA AO INVESTIGADOR DESTA UNIVERSIDADE INSERIDO NO PRESTIXIOSO PROGRAMA STARTING GRANT**

- ***O departamento educativo da Xunta impulsa a investigación de calidade no Sistema Universitario de Galicia a través dun investimento de 970.000 euros para estas axudas e as dos seleccionados no programa CONSOLIDER***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria achegará 150.000 euros á Universidade da Coruña (UDC) para complementar as axudas ao líder do programa *Starting Grant*, Héctor Gómez Díaz. Así o aprobou hoxe o Consello da Xunta, complementando o acordo acadado na reunión do Goberno galego do pasado 24 de maio, no que se deu luz verde ao investimento de 970.000 euros ata 2014 para estas axudas e as dos seleccionados no programa CONSOLIDER.

Esta axuda engádesse ao recente convenio asinado coas universidades de Santiago e Vigo, para axudas aos 5 investigadores que obtiveron anteriormente esta mesma axuda europea. Desta forma son xa 6 os investigadores galegos que dispoñen desta distinción.

Deste xeito, a Consellería de Cultura e Educación reafirma o seu compromiso coa investigación universitaria, contribuíndo ao impulso que ten dado ao Sistema Universitario de Galicia contar con investigadores inseridos nestes programas. Neste sentido cómpre lembrar que a concesión das axudas de Starting Grants a seis investigadores galegos, e as de CONSOLIDER a un proxecto do SUG constitúe un gran logro para o sistema universitario galego, xa que se trata de dous programas moi prestixiosos, símbolos da investigación de calidade e recoñecidos internacionalmente.

O Programa Starting Grant está destinado a axudar á creación de grupos de investigación independentes ou a consolidar grupos incipientes cuxa actividade investigadora estea na fronteira do coñecemento en calquera temática e amose unha traxectoria prometedora, polo que se trata dun programa moi competitivo.

### **Destino da achega**

Para contribuír á actividade desenvolvida ao abeiro deste programa, a Consellería achegará cada ano, ata 2014, 50.000 euros á UDC. A universidade poderá destinalos á contratación de persoal investigador ou auxiliar para o grupo, á compra de pequeno equipamento e material funxible, custos de mantemento derivados de materiais, subministracións, instrumental ou material bibliográfico e adhesión a sociedades científicas.

Ademais as axudas poderán destinarse á formación dos membros do grupo relacionada coa actividade obxecto da axuda, á organización de actividades de difusión e á posta en marcha de ferramentas de xestión do coñecemento e a información, tales como aplicacións informáticas, bases de datos, etc.

**O SERGAS CONTRATARÁ DE MANEIRA CONXUNTA A REDACCIÓN DE PROXECTOS, DIRECCIÓN DE OBRAS, MANTEMENTO E SUBMINISTRACIÓN ENERXÉTICA DE 15 NOVOS CENTROS DE SAÚDE E DA AMPLIACIÓN DO HOSPITAL DO SALNÉS, POR UN IMPORTE DE 11 MILLÓNS DE EUROS**

O Consello da Xunta de Galicia reunido no día de hoxe autorizou o expediente para a contratación conxunta da redacción de proxectos, dirección de obras, mantemento e subministración enerxética de 15 novos centros de saúde, así como da ampliación das urxencias e da zona cirúrxica do Hospital do Salnés, por un importe de 11.015.810 euros, o que redundará nun importante aforro económico para a Administración sanitaria galega na fase de prestación da subministración enerxética e no mantemento, así como pola homoxeneización das solucións construtivas, materiais, acabamentos, equipamentos e instalacións, para os efectos de facilitar e estandarizar o seu mantemento.

Unha vez redactados os proxectos, licitaranse as obras de construción dos centros sanitarios. O importe do orzamento de contrato correspondente á construción dos centros de saúde e da ampliación do hospital é de 42.131.850 euros.

Os centros de saúde que se construirán estarán situados, sete na provincia da Coruña, nos concellos da Capela (As Neves), Ares, Arteixo (Villarrodís), Cambre (O Temple), Culleredo, Malpica (Buño) e Santiago (Galeras); tres na provincia de Ourense, nos concellos de Barbadás (A Valenzá), Pontedeva e Ourense cidade (O Couto); e outros cinco na provincia de Pontevedra, nos concellos de Gondomar, Marín, Nigrán (Panxón), Oia e Tui. Ademais, o departamento que dirixe Rocío Mosquera licitará a ampliación das urxencias e da zona cirúrxica do hospital do Salnés.

O servizo de revisión e redacción de proxectos básicos e de execución inclúe a adaptación dos proxectos aos novos plans funcionais dos centros de saúde de Cambre, Santiago-Galeras, Gondomar, Nigrán-Panxón, Oia e Tui; a redacción do proxecto de execución dos outros centros de saúde e a ampliación do Hospital do Salnés; a homoxeneización das solucións construtivas, dos materiais, acabamentos e das instalacións para mellorar o comportamento térmico e prestacional dos edificios que se van construír.

O servizo de mantemento e conservación inclúe os edificios, os equipamentos, o mobiliario xeral e de oficina, e o mobiliario clínico e as instalacións. Este é un servizo de carácter integral xa que abrangue tanto a operación e o mantemento enerxético como o mantemento xeral, por un período de oito anos.

A subministración enerxética prestacional, tamén por un período de 8 anos, abrangue tanto a enerxía eléctrica, como gas natural e biomasa para fins térmicos.

## **BENESTAR INVISTE 366.000 EUROS NA CREACIÓN DE CENTROS MUNICIPAIS DE ATENCIÓN A NENOS E NENAS DE 0-3 ANOS EN GUNTÍN E MEIRA**

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe dous convenios de colaboración con ambos os concellos lucenses*
- *No caso de Guntín, o financiamento destínase á creación dun punto de atención á infancia; e no de Meira, para unha escola infantil*
- *Suporá a posta en marcha de 61 prazas de titularidade pública*
- *A finais deste ano a oferta de prazas de 0-3 anos na provincia de Lugo será un 40,8 por cento superior á que había ao inicio da lexislatura*

A Consellería de Traballo e Benestar investirá un total de 366.000 euros na creación dunha escola infantil municipal en Meira e dun punto de atención á infancia en Guntín. O obxectivo é crear prazas de atención de 0-3 anos en ambas as localidades lucenses. En total, esta actuación suporá a posta en marcha de 61 prazas nos dous concellos.

O Consello da Xunta autorizou hoxe os respectivos convenios de colaboración con ambos os concellos. En concreto, o goberno galego investirá 246.000 euros na escola infantil de Meira, que contará con 41 prazas; e de 120.000 euros para o punto de atención á infancia de Guntín, con 20 prazas. Ambos os investimentos poderán estar cofinanciados por fondos FEDER.

O prazo do convenio é, nos dous casos, para os anos 2012 e 2013. Con esta actuación, permitírase mellorar a conciliación da vida laboral, persoal e familiar das familias dos dous concellos, e do seu contorno. As dúas instalacións serán de titularidade municipal.

Esta iniciativa inscríbese na aposta do Goberno galego pola creación de prazas para a atención de nenos e nenas de 0 a 3 anos. De feito, a finais deste ano a oferta de prazas 0-3 na provincia de Lugo acadará un total de 938 prazas públicas, o que significa un incremento do 40,8 por cento ao que había ao inicio da lexislatura.

En Galicia, o incremento nestes tres anos foi de 2.400 prazas. A Consellería traballa co obxectivo de achegarse, ao remate da lexislatura, á ratio de cobertura pública recomendada pola Unión Europea, o 33 por cento.

## **A XUNTA DESTINA MÁIS DE 3,3 MILLÓNS DE EUROS Á VIXILANCIA E XESTIÓN DOS BANCOS MARISQUEIROS DE GALICIA**

- ***A Consellería do Medio Rural e do Mar asinará dous convenios coas confrarías de Galicia, un deles para controlar o acceso ás zonas de pesca e o outro para xestionar as zonas de produción***

As confrarías de Galicia beneficiaranse de dous convenios, un deles para controlar o acceso ás zonas de pesca e outro para a xestión das zonas de produción. O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura destes dous acordos entre as confrarías e a Consellería do Medio Rural e do Mar, por un importe de máis de 3,3 millóns de euros.

Os convenios para o control de acceso ás zonas de pesca que se asinarán coas confrarías teñen como finalidade a conservación, protección e sustentabilidade dos recursos mariños mediante operacións de salvagarda do medio mariño e das súas especies. Ademais, para dar cumprimento ao convenio, os asociados ás confrarías deberán coidar, controlar e facer un seguimento dos bancos marisqueiros establecendo as condicións de acceso ás zonas de pesca. O departamento que dirixe Rosa Quintana investirá 2.246.309 euros nestes convenios.

Por outra banda, os convenios para a xestión de zonas de produción teñen como obxecto realizar actividades que permitan a implantación de técnicas de semicultivo, elaboración de proxectos de rexeneración de zonas de produción e facer un seguimento dos bancos. Neste sentido, o acordo prevé a realización de mostraxes de poboacións dos principais bancos marisqueiros, a elaboración e seguimento dos plans de xestión, a recollida e envío ao Intecmar das mostras que amosan o estado das augas e a elaboración e seguimento dos proxectos de rexeneración de zonas improdutivas. A Consellería do Medio Rural e do Mar destina 1.102.380 euros a este acordo.

O importe de ambos os convenios será cofinanciado polo Fondo Europeo da Pesca nun 61%, correspondendo o restante á Administración autonómica. A súa vixencia será de 12 meses a partir da súa sinatura.

## **A XUNTA ESTENDE O SEU PROGRAMA DE MEDIACIÓN FAMILIAR INTRAXUDICIAL GRATUÍTA A VIGO E PONTEVEDRA**

- *Será mediante un convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, o Consello Xeral do Poder Xudicial, o Ministerio Fiscal e a Universidade de Vigo*
- *A iniciativa busca impulsar a resolución dos conflitos familiares pola vía do diálogo e o consenso e baixar a carga de traballo nos xulgados da nosa comunidade*
- *Tratase dunha aposta do Goberno galego que xa leva tres anos funcionando con éxito en Santiago e desde o ano pasado nos xulgados de Ourense*

O consello da Xunta informou hoxe da sinatura dun convenio de colaboración para implantar de xeito experimental un programa de mediación familiar intraxudicial gratuíta en Vigo e Pontevedra, co obxectivo de impulsar a resolución dos conflitos familiares pola vía do diálogo e o consenso. Para este fin constituirase un equipo permanente de mediación, dependente da Universidade de Vigo, que estará composto por un psicólogo e un xurista habilitados no Rexistro de Mediadores Familiares de Galicia.

O convenio estará asinado pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza -que achegará 12.000 euros para o seu funcionamento-, o Consello Xeral do Poder Xudicial, o Ministerio Fiscal e a Universidade de Vigo. Todas as partes coinciden na necesidade de difundir a mediación familiar como unha técnica de resolución de conflitos de xeito rápido e económico, que incide directamente nunha redución da carga de litixiosidade, contribuíndo a baixar a carga de traballo nos xulgados da nosa comunidade.

Ademais, este tipo de mediación aforra custos emocionais, xa que se trata dun proceso no que a parella acepta a intervención neutral e cualificada dunha terceira persoa -o mediador familiar-, que tratará de que atopen por si mesmos un acordo duradeiro e mutuamente aceptable considerando as necesidades de cada membro da familia, e especialmente as dos nenos, dentro dun espírito de responsabilidade compartida e de igualdade dos proxenitores.

Por este motivo, a mediación intraxudicial -aquela que se leva a cabo cando o proceso xudicial xa está iniciado- resultaría ser unha metodoloxía axeitada e válida para resolver unha porcentaxe significativa de procesos xudiciais, sobre todo naqueles casos en que as dúas partes deberán continuar relacionándose no futuro por teren intereses comúns, o que se adapta perfectamente aos casos dos procesos de ruptura familiar con fillos menores.

Esta iniciativa xa se puxera en marcha polo Goberno galego en 2009, cando se iniciou de forma experimental en Santiago, e estendeuse o pasado ano aos xulgados de Ourense, e obtivéronse datos moi positivos. En 2011, por exemplo, a metade dos casos



que se abordaron remataron cun acordo, que puxo fin ao procedemento xudicial. Coa sinatura do presente convenio coa Universidade de Vigo, o Goberno galego renova este ano a súa aposta polo programa de mediación familiar intraxudicial, tal e como teñen manifestado en numerosas ocasións os conselleiros da Presidencia e de Traballo, Alfonso Rueda e Beatriz Mato.

## **A XUNTA ACORDARÁ CO MINISTERIO DE SANIDADE AS CONDICIÓN DA ADQUISIÓN DE VACINAS**

- ***Búscase obter a mellor relación calidade/prezo a través do procedemento de consulta derivado do acordo marco correspondente***

O Servizo Galego de Saúde asinará un acordo co Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade para fixar as condicións de adquisición de vacinas, tanto as incluídas no calendario oficial de vacinación infantil como doutras.

Esta contratación ten por obxecto atender a demanda de vacinas da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013, e busca obter a mellor relación calidade/prezo a través do procedemento de consulta derivado do Acordo Marco do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

O procedemento do ministerio permite definir unha relación exhaustiva de todas as características técnicas exixibles ás vacinas e aplicalas de forma común e homoxénea a todas comunidades autónomas adheridas ao Acordo Marco, así como establecer un compromiso firme entre a Consellería de Sanidade e o provedor no cumprimento destas condicións ao longo do período de duración do contrato.